

PUBLICACIÓN

1. O Consorcio de Santiago e a editorial Bolanda presentan dous libros de Os Bolechas

O Consorcio de Santiago presentou o sábado 5 de abril no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes os contos-guías de Os Bolechas: *As prazas de Compostela e Museos de Santiago de Compostela*, escritos por Pepe Carreiro e coeditados polo Consorcio de Santiago e a editorial Bolanda.

*As prazas de Compostela e Museos de Santiago de Compostela* son publicacións nas que os personaxes de Os Bolechas percorren Santiago de Compostela descubrindo, respectivamente, as prazas e os museos da cidade. Deste xeito, achegan o patrimonio arquitectónico e etnográfico de Compostela aos nenos e nenas dunha maneira lúdica e sinxela, poñendo en valor os recunchos de Santiago e favorecendo que as crianzas recoñezan os espazos que as rodean. Os dous libros inclúen un caderno de actividades para aprofundar no contido dos contos a través de xogos prácticos e creativos, como sopas de letras, contidos para completar e debuxos para colorear.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-e-editorial-bolanda-presentan-dous-libros-de-os-bolechas>



2. O Consorcio de Santiago e Teófilo Edicións presentan un libro que recolle o labor de Dionisio Fierros en Galicia



O Museo do Pobo Galego acolleu o martes 15 de abril a presentación do libro *Dionisio Fierros en Galicia. Pintura, invención e oficio*, escrito polo doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela Diego Rodríguez Paz. A publicación, coeditada polo Consorcio de Santiago xunto a Teófilo Edicións, pertence á Biblioteca Científica do Consorcio.

*Dionisio Fierros en Galicia. Pintura, invención e oficio* ofrece un estudo exhaustivo da produción do artista en Galicia durante o século XIX, achegando luz e unha nova visión sobre quen foi un dos pioneiros nun xénero costumista de asuntos xenuinamente galegos, así como un pilar fundamental na conformación dunha escola de pintura galega consciente de si mesma.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-e-teofilo-editions-presentan-un-libro-que-recolle-o-labor-de-dionisio>

3. Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora recolle a historia e o patrimonio de San Paio de Antealtares

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora presentaron o venres 25 de abril no Salón de Actos do colexio de San Paio a obra *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica*, pertencente á Biblioteca de Divulgación do Consorcio e coordinada polos investigadores Miguel García-Fernández e Ricardo Pichel.

Ao longo das páxinas de *Desde San Paio de Antealtares. Historia, patrimonio e vida monástica* reconstrúese a historia do mosteiro desde a súa etapa medieval como comunidade masculina até a súa refundación como mosteiro bieito feminino en 1499, máis tamén se ofrecen outras achegas sobre o seu patrimonio artístico, a complexidade do monaquismo feminino na Galicia medieval ou a relixiosidade popular impulsada por bieitos e bernardos. Ademais, salientase a riqueza do patrimonio documental conservado en Antealtares, así como o alleado deste auténtico «arquivo de arquivos» máis igualmente fundamental para reconstruírmos a historia de institucións galegas como San Salvador de Sobrado de Trives ou asturianas como San Salvador de Corniana.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/un-libro-coeditado-polo-consorcio-de-santiago-e-alvarellos-editora-recolle-historia-e-o-patrimonio-de-san-paio-de-antealtares>



4. O Consorcio de Santiago celebra o Día do Libro coa entrega de publicacións a todas as persoas que visiten a Casa do Cabido

O Consorcio de Santiago conmemorou o Día Internacional do Libro o mércores 23 de abril coa entrega de balde de publicacións coeditadas polo Consorcio a todas aquelas persoas que visitaron a Casa do Cabido ese día.

Os exemplares que se puxeron a disposición dos visitantes, pertencentes ás diferentes bibliotecas do Consorcio de Santiago, teñen como temáticas a literatura, a arte e a historia vinculadas á cidade de Santiago de Compostela. Tamén atopáronse libros orientados a un público infantil e xuvenil.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-celebra-o-dia-do-libro-coa-entrega-de-publicacions-todas-persoas-que-ii>



MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA



1. A Real Filharmonía de Galicia ofrece un programa co acordeonista Iñaki Alberdi

A Real Filharmonía de Galicia presentou o 10 de abril o concerto “Encrucillada”. Dirixido por Sebastian Zinca e coa actuación do acordeonista Iñaki Alberdi, o espectáculo trouxo no seu repertorio as obras *Fachwerk*, da compositora Sofiya Gubaidulina, e a *Sinfonía núm. 1 en Fa menor, op. 10* de Dmitri Shostakovich.

O concerto foi unha homenaxe á compositora, quen dedicou toda a súa vida á música e que faleceu recentemente aos 93 anos de idade. Gubaidulina deixou un legado musical de máis dun centenar de obras que marcaron o panorama musical do último século.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/o-real-filharmonia-de-galicia-ofrece-un-programa-co-acordeonista-inaldi-alberdi/>

2. A Real Filharmonía de Galicia actúa en Santiago, Pontevedra e A Coruña

Baixo o título ‘Contornos’ a Real Filharmonía de Galicia, coa dirección de Jessica Cottis, ofreceu concertos o xoves 24 no Auditorio de Galicia de Santiago, o venres 25 de abril no Centro Cultural Afundación de Pontevedra e o domingo 27 no Palacio da Ópera da Coruña.

As obras interpretadas foron *Blind Contours núm. 2* da compositora en residencia durante esta temporada da RFG, Raquel García-Tomás; *Testament* de Brett Dean e a *Sinfonía núm. 7 en La maior, op. 92* de Ludwig van Beethoven.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gf/o-real-filharmonia-de-galicia-actua-esta-semana-en-santiago-pontevedra-e-a-coruna/>



ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

1. O alumnado do CAEO actua no Auditorio de Galicia

O día 10 de abril, antes do concerto “Encrucillada” da Real Filharmonía de Galicia de Santiago, tivo lugar unha actuación especial do alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais.

Da man dos seus profesores Natalia Madison e Thomas Piel, Belén Aragunde (flauta), Francisco Javier Ruiz (óboe), Yiran Niu (violín), Inês Fernando (viola) e Esther Fernández (violonchelo) formaron un grupo de cámara para ofrecer ao público unha mostra do perfeccionamento da súa técnica.

Máis información CAEO:

<https://eaeen.es/gf/noticias/fotos-da-actuacion-dos-concertos-de-camara-do-caeo/>



2. O CAEO ten a súa última clase teórica do curso

A clase de Consciencia corporal da profesora Sila Sobrado foi a última clase teórica a que asistiu o alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais.

Máis información CAEO:

<https://eaeen.es/gf/noticias/galeria-de-fotos-da-clase-de-consciencia-corporal-caeo-profesora-sila-sobrado/>

